

**Convocatoria extraordinaria 2026
HISTORIA DE ESPAÑA**

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria, de 2,5 puntos cada unha**. A primeira sen apartados optativos e as outras tres con posibilidade de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN
(2,5 puntos)**

Vostede decide abrir un perfil de divulgación nunha rede social e recupera apuntamentos que tiña de hai anos para documentarse como punto de partida. Ao consultalos, atopa este texto acerca do **reformismo borbónico en Galicia** e dispónse a revisalo para detectar, explicar e rectificar posibles erros.

TEXTO PARA REVISAR:

Grazas aos principios do Despotismo Ilustrado, durante a primeira metade do século XVIII Galicia experimentou un crecemento económico singular, o que fixo necesario protexer o tecido industrial local a través da creación de bases militares. Así o demostra a construción do Arsenal de Ferrol, deseñado como un dos maiores complexos industriais para a venda de barcos en Europa. A partires da súa instalación favoreceuse a defensa do territorio imperial en ultramar e aseguráronse as boas comunicacións con América, en particular fronte a Inglaterra. Á súa vez, tentouse estimular o recrutamento de mariñeiros galegos, a través da Matrícula de Mar. A pesares das prestacións acordadas, como a exención de quintas e impostos municipais, o sistema xeraba moitas críticas e desercións pola adhesión á causa dos Habsburgo. Debido ao rexeitamento cara a esta medida, foi eliminada en 1802.

Responda estes tres apartados:

- 1.1. Identifique as informacións erróneas. (0,5 puntos)**
- 1.2. Explique o erros detectados. (1,5 puntos)**
- 1.3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)**

PREGUNTA 2. O CAMIÑO CARA A CONTEMPORANEIDADE. DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS AO TARDOFRANQUISMO. ANÁLISE COMPARATIVA. (2,5 puntos)

O seu irmán ten dificultade para estudar, polo que vostede lle presta axuda deseñando materiais que faciliten a súa comprensión dos procesos históricos. Nesta ocasión, dille que ten problemas á hora de detectar semellanzas e diferenzas entre os aspectos que debe estudar, polo que vostede desenvolve unha análise comparativa para que o comprenda mellor.

Responda un destes dous apartados:

- 2.1. Compare as características do Sexenio Absolutista e o Trienio Liberal do reinado de Fernando VII. (2,5 puntos)**
- 2.2. Compare as formas de oposición, dende fóra e dende grupos afíns, á ditadura franquista. (2,5 puntos)**

PREGUNTA 3. O CAMIÑO CARA A CONTEMPORANEIDADE. DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS AO TARDOFRANQUISMO. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)

Atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema. **(0,5 puntos)**
- Contextualización do documento. **(0,5 puntos)**

- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento. **(1,5 puntos)**

Responda un destes dous apartados:

3.1. Doc.1. Observacións de Manuel Martínez Murguía sobre o rexionalismo galego (1889):

“Lingua distinta, díxose sempre, distinta nacionalidade. Sentíndoo así, Galicia tívose sempre por nación de feito; o mesmo cando tiña reis e condes propios (...) que incorporada á coroa de Castela (...). É un feito pois, que pola orixe, polo territorio e a linguaxe, de igual maneira que pola súa historia e a comunidade de sentimentos e desexos, estes pobos de noroeste forman unha nación con caracteres propios, distinta das que constitúen o Estado español (...). Tamén é un feito que hoxe non vive a desgusto, pero tampouco de tan boa vontade como se supón, baixo o imperio de xentes e de cousas que lle son contrarias. (...). Nunha palabra, quere a descentralización máis completa, baixo todos os aspectos e en todas as ordes, no moral, no intelectual, no político e no dos intereses materiais. Hai nisto falta algunha de patriotismo?”. **(2,5 puntos)**

3.2. Doc.2. Situación da monarquía segundo Ortega y Gasset nun artigo publicado no diario *El Sol* (1930):

“Supoñamos un instante que a advinda da Ditadura foi inevitable. Mais, os seus actos despois de advir foron unha crecente e monumental inxuria, un crime de lesa patria, de lesa historia, de lesa dignidade pública e privada. Polo tanto, se o Réxime aceptouna obrigado, razón de máis para que ao terminar abrazárase ao pobo. Mais non fixo isto, senón todo o contrario. Quere unha vez máis saír do paso. Buscar a alguén que realice a política de aquí non pasou nada e atopa só un xeneral amnistiado. Este é o erro Berenguer de que a Historia falará. E como é irremediamente un erro, somos nós, xente da rúa, quen temos que dicir aos nosos concidadáns: “delenda est monarchia”.”. (O aforismo latino significa: “Hai que destruír á monarquía”) **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 4. O MODELO DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ESPAÑOL. RETOS DO MUNDO ACTUAL. COMENTARIO DE MAPA. (2,5 puntos)

Atendendo aos seguintes criterios:

- Análise dos datos do mapa. **(1 punto)**
- Explicación do contido. **(1,5 puntos)**

Responda un destes dous apartados:

4.1. Rede do ferrocarril en España (1865) (2,5 puntos)



4.2. Mapa dos latifundios en España (1932) realizado por Pascual Carrión. (2,5 puntos):



**Convocatoria extraordinaria 2026
HISTORIA DE ESPAÑA**

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria, de 2,5 puntos cada una**. La primera sin apartados optativos; las otras tres con posibilidad de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. SOCIEDADES EN EL TIEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FUENTES DE INFORMACIÓN.
(2,5 puntos)**

Usted decide abrir un perfil de divulgación en una red social y recupera apuntes que tenía de hace años para documentarse como punto de partida. Al consultarlos, encuentra este texto acerca del **reformismo borbónico en Galicia** y se dispone a revisarlo para detectar, explicar y rectificar posibles errores.

TEXTO A REVISAR:

Gracias a los principios del Despotismo Ilustrado, durante la primera mitad del siglo XVIII Galicia experimentó un crecimiento económico singular, lo que hizo necesario proteger el tejido industrial local a través de la creación de bases militares. Así lo demuestra la construcción del Arsenal de Ferrol, diseñado como uno de los mayores complejos industriales para la venta de barcos en Europa. A partir de su instalación se favoreció la defensa del territorio imperial en ultramar y se aseguraron las buenas comunicaciones con América, en particular frente a Inglaterra. A su vez, se intentó estimular el reclutamiento de marineros gallegos, a través de la Matrícula de Mar. A pesar de las prestaciones acordadas, como la exención de quintas e impuestos municipales, el sistema generaba muchas críticas y desertiones por la adhesión a la causa de los Habsburgo. Debido al rechazo hacia esta medida, fue eliminada en 1802.

Responda estos tres apartados:

- 1.1. Identifique las informaciones erróneas. (0,5 puntos)**
- 1.2. Explique los errores detectados. (1,5 puntos)**
- 1.3. Proceda a su redacción correcta. (0,5 puntos)**

PREGUNTA 2. EL CAMINO HACIA LA CONTEMPORANEIDAD. DE LAS REVOLUCIONES LIBERALES AL TARDOFRANQUISMO. ANÁLISIS COMPARATIVO. (2,5 puntos)

Su hermano tiene dificultad para estudiar, por lo que usted le presta ayuda diseñando materiales que faciliten su comprensión de los procesos históricos. En esta ocasión, le dice que tiene problemas a la hora de detectar semejanzas y diferencias entre los rasgos que debe estudiar, por lo que usted desarrolla un análisis comparativo para que lo comprenda mejor.

Responda uno de estos dos apartados:

- 2.1. Compare las características del Sexenio Absolutista y del Trienio Liberal del reinado de Fernando VII. (2,5 puntos)**
- 2.2. Compare las formas de oposición, desde fuera y desde grupos afines, a la dictadura franquista. (2,5 puntos)**

PREGUNTA 3. EL CAMINO HACIA LA CONTEMPORANEIDAD. DE LAS REVOLUCIONES LIBERALES AL TARDOFRANQUISMO. COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO. (2,5 puntos)

Atendiendo a:

- Identificación del tema. **(0,5 puntos)**
- Contextualización del documento. **(0,5 puntos)**

- Comentario del proceso histórico/tema reflejado en el documento. **(1,5 puntos)**

Responda uno de estos dos apartados:

3.1. Doc.1. Observaciones de Manuel Martínez Murguía sobre el regionalismo gallego (1889):

“Lengua distinta, se dijo siempre, distinta nacionalidad. Sintiendo así, Galicia se tuvo siempre por nación de facto; e incluso cuando tenía reyes y condes propios (...) que incorporada a la corona de Castilla (...). es un hecho pues, que por el origen, por el territorio y la lengua, de igual manera que por su historia y la comunidad de sentimientos y deseos, estos pueblos de noroeste forman una nación con caracteres propios, distinta de las que constituyen el Estado español (...). También es un hecho que hoy no vive a disgusto, pero tampoco de tan buena voluntad como se supone, bajo el imperio de gentes y de cosas que le son contrarias. (...) En una palabra, quiere la descentralización más completa, bajo todos los aspectos y en todas las órdenes, en lo moral, en lo intelectual, en lo político y en el de los intereses materiales. ¿Hay en esto falta alguna de patriotismo?”. **(2,5 puntos)**

3.2. Doc.2. Situación de la monarquía según Ortega y Gasset en un artículo publicado en el diario *El Sol* (1930):

“Supongamos un instante que el advenimiento de la Dictadura fue inevitable. Pero, sus actos después de advenir fueron una creciente y monumental injuria, un crimen de lesa patria, de lesa historia, de lesa dignidad pública y privada. Por tanto, si el Régimen la aceptó obligado, razón de más para que al terminar se hubiese abrazado al pueblo. Pero no ha hecho esto, sino todo lo contrario. Quiere una vez más salir del paso. Buscar a alguien que realice la política de aquí no ha pasado nada y encuentra sólo un general amnistiado. Este es el error Berenguer de que la Historia hablará. Y como es irremediablemente un error, somos nosotros, gente de la calle, quienes tenemos que decir a nuestros conciudadanos: “delenda est monarchia”. (*El aforismo latino significa: “Hay que destruir a la monarquía”) **(2,5 puntos)**


PREGUNTA 4. EL MODELO DE DESARROLLO ECONÓMICO ESPAÑOL. RETOS DEL MUNDO ACTUAL. COMENTARIO DE MAPA. (2,5 puntos)

Atendiendo a:

- Análisis de los datos del mapa. **(1 punto)**
- Explicación del contenido. **(1,5 puntos)**

Responda uno de estos dos apartados:

4.1. Red del ferrocarril en España (1865) (2,5 puntos)



4.2. Mapa de los latifundios en España (1932) realizado por Pascual Carrión (2,5 puntos)

